



PXAD

Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio , de educación.

Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio , de educación

ELABORACIÓN: DOE	REVISIÓN: DOE	APROBACIÓN: EDE
Data: Setembro 2025	Data: Setembro 2025	Data: Setembro 2025 Acta: Nº3
Este documento é propiedade do COLEXIO CALASANZ, quen se reserva o dereito de solicitar a súa devolución cando así o estime oportuno. Non se permite facer copia parcial ou total do mesmo, así como amosalo a empresas ou particulares sen a expresa autorización por escrito do Centro.		

INDICE			
1.	Introdución.		3
2.	Marco lexislativo		4
3.	Xustificación baseada no contexto.		5
4.	Ámbitos de actuación		7
5.	Obxectivos		9
6.	Criterios e procedementos para a detección, valoración e intervención das medidas específicas de apoio educativo do alumnado no noso centro.		9
	6.1	Detección.	9
		A. Observación do titor/a e dos equipos docentes.	10
		B. Entrevistas co alumnado novo	10
		C. Recollida de información	10
		1. Familia	11
		2. Especialistas externos.	11
		3. Outras fontes	11
	6.2	Valoración	11
		A. Probas Estandarizadas	11
		B. Avaliación inicial ou de competencia.	12
	6.3	Intervención	13
		A. Reforzos Pedagóxicos.	13
		B. Adaptacións Curriculares	14
		C. Programas e talleres específicos.	15
		D. Reforzo Educativo	16
7.	Clasificación do alumnado susceptible de medidas de atención a diversidade.		16
8.	Medidas ordinarias e específicas de atención educativa para dar resposta as necesidades educativas do alumnado.		17
	8.1	Medidas ordinarias de atención á diversidade	17
	8.2	Medidas extraordinarias de atención á diversidade	20
9.	Organización dos recursos humanos e materiais así como, dos espazos e dos horarios do centro, para atender ás necesidades específicas de apoio educativo.		24
	A.	Recursos humanos	24
	B.	Recursos materiais	24
	C.	Distribución horaria e dos espazos.	25
10.	Funcións e responsabilidades dos distintos profesionais en relación as medidas deseñadas.		27
11.	Colaboración coas familias e outras instancias externas ao centro.		29
12.	Seguimento e avaliación do PXAD.		29
13.	Protocolos		30

1. Introducción.

Segundo se reflicte na lexislación vixente (Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación), a atención á diversidade pode considerarse como o **conxunto de medidas e accións** que teñen como **finalidade adecuar a resposta educativa** ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. As medidas de atención a diversidade defínese como as actuacións

A diversidade, pois, é unha **realidade social**, e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo. A **resposta educativa a esa diversidade** debe concretarse en cada un dos **proxectos educativos**, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na personalización da educación de cada un dos nosos alumnos, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo aquilo que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar de forma autónoma nunha sociedade democrática.

No Departamento de Orientación do noso centro, cremos na importancia do dobre carácter que ten a atención á diversidade, tanto na **prevención** coma na **atención** das dificultades que se detectan. Polo tanto, é **imprescindible o seguimento** no desenvolvemento do alumnado para previr posibles dificultades e intervir axiña cando aquelas se detectan.

O noso reto consiste en ofrecer a todo o alumnado a **axuda pedagóxica que necesite**, axustando a intervención educativa á individualidade de cada caso. Polo tanto, atender á diversidade, **non é só atender as diferenzas individuais do alumnado, senón tamén poñer en xogo todos os elementos organizativos (materiais, espaciais, agrupamentos, horarios, infraestrutura, coordinación docente, estratexias, etc.)** para cubrir as necesidades educativas especiais ou non especiais que presenten.

Polo tanto, este Plan dará resposta ao conxunto global do alumnado, tanto ao que puntualmente presenta algún tipo de dificultade e necesita algún tipo de axuda, como ao que manifesta necesidades específicas de apoio educativo.

Este documento pretende ser o fiel reflexo das nosas actuacións, para contribuír na atención á diversidade, e conseguir, para o noso alumnado, una educación equitativa e de calidade, dentro dos principios inclusivos e de individualización da intervención educativa.

2. Marco lexislativo.

- **Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio, **de Educación**.
- **Lei Orgánica de Modificación da LOE (LOMLOE) 3/2020**.
- **Decreto 120/1998 do 23 de abril** (DOG do 27) polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional en Galicia.
- **Orde do 24 de xullo de 1.998** (DOG do 31) pola que se establece a organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Circular 18/2007**. Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.
- **Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa** pola que se ditan instrución para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de Orientación Educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.
- **Orde do 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- **Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa**.
- **DECRETO 8/2015**, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- **RD 95/2022**. de 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.
- **Decreto 330/2009**, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da EI na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 23-07-09).
- **Orde do 25 de xuño de 2009** pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da EI na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 10-07-09).
- **RD 157/2022** de 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria.
- **Decreto 105/2014**, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Orde do 9 de xuño de 2016** pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- **RD 217/2022** do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Secundaria Obrigatoria.
- **RD 243/2022** do 5 de abril, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas do Bacharelato.
- **Decreto 86/2015**, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria y do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **RD 984/2021**, do 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así coma na avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional.
- **Orde do 24 de xaneiro de 2022**, pola que se actualiza a normativa da avaliación das ensinanzas de Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- **Decreto 374/1996 de 17 de outubro** (DOG 21), Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e CEIPs.
- **Orde do 22 de xullo do 97** pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos CEP e dos CEIP dependentes da Consellerías de Educación e OU. (DOG 2-97).
- **Orde do 3 de maio de 2023**, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023-24, nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- **RD 943/2003, de 18 de xullo**, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos sobredotados intelectualmente (BOE 31-07-2003).
- **Resolución do 5 de xuño de 2025**, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no réxime ordinario no curso académico 25-26.

3. **Marco pedagóxico de referencia.** É o documento base que establece e aporta á nosa comunidade docente as liñas pedagóxicas fundamentais para abordar o proceso educativo en todas as súas etapas. Fai referencia directa á resposta educativa inclusiva para atender a diversidade nos centros Escolpaiois. Con estas respostas, preténdese:

- Promover unha atención que compense as carencias e facilite un maior crecemento integral de cada persoa.
- Impulsar unha organización e unhas directrices de centro de carácter metodolóxico e curricular, que facilite unha educación de calidade para todos.
- Potenciar o deseño e a aplicación de programacións didácticas que den resposta á diversidade de todo o alumnado e garanta a universalidade da aprendizaxe.
- Asegurar a interacción social e a cooperación para a construción da aprendizaxe entre todos e para todos.

4. Xustificación baseada no contexto.

O noso centro é o Colexio Calasanz PP. Escolapios e encóntrase situado no ángulo N-NO da cidade, na zona de San Pedro de Visma, colindante co barrio dos Rosales. Temos como núcleos poboacionais máis achegados os constituídos polos barrios de Labañou, Cidade Escolar e “ Los Rosales”. Esta referencia xeográfica vese ampliada á hora de analizar a zona de influencia tendo que ter en conta os barrios do Ventorrillo, San Pedro de Visma e San Roque.

Os equipamentos e servizos sociais que existen no noso barrio son:

- Centros de ensinanza da rede publica
 - Xardín de infancia del Ventorrillo
 - C.E.I.P. Emilia Pardo Bazán
 - C.E.I.P. San Pedro de Visma
 - C. E. I. P. "Aneja" PRÁCTICAS
 - C. E. I. P. Mº Barbeito
 - C. E. I. P. Raquel Camacho
 - I.E. S. Salvador de Madariaga
 - I.E. S. Rafael Dieste
 - I.E.I.M Padre Rubinos.
- Centro de ensinanza privados concertados.
 - Escola Infantil Bolboreta
 - Xardín de infancia das monxas do refuxio PP. Rubinos
 - Escola infantil Nazaret
 - Escola Infantil Globos
 - C.P.R Esclavas.
 - C.P.R Colexio Calasancias.
 - C.P.R Colexio Calasanz PP Escolapios.
- Centros de ensinanza superiores.
 - Escola de Idiomas.
 - Conservatorio de Música.
 - Escola Superior da Marina Civil.
 - Universidade Nacional a Distancia. Centro asociado.
 - Facultade de Comunicación e Medios Audiovisuais.
- Centros deportivos.
 - Pistas polideportivas e pavillón do Colexio Calasanz - PP. Escolapios.
 - Pistas polideportivas e pavillón do Colexio Calasancias.
 - Polideportivo Agro II.
 - Polideportivo de Cocheras.
 - Pistas e campos de Nª Señora do Carme.
 - Pavillóns Deportivos Municipais.
- Centros de Saúde.

- Centro de Saúde de Labañou.
- Centro de especialidades do Ventorrillo.
- Centro de Saúde dos Rosales.
- Centros residenciais.
 - Residencia Padre Rubinos.
 - Residencia Sor Eusebia.
- Centros cívicos.
 - Centro Cívico de Labañou.
 - Centro Cívico de San Pedro de Visma.
 - Centro Cívico de Pescadores.
- Parroquias.
 - San Pedro de Visma.
 - San Pío X y San Roque.
 - Nosa Señora del Socorro.
 - Nosa Señora dos Rosales.

No noso centro impártese dende Educación Infantil, pasando pola Educación Primaria e a Educación Secundaria, ata o Bacharelato. Contamos coas seguintes unidades:

- 1 unidade en EE.
- 9 unidades en EI.
- 18 unidades en EP.
- 12 unidades en ESO.
- 4 unidades en BACH.

O horario é de xornada partida nas etapas de EI e EP, mentres que conta cunha xornada única nas etapas de ESO e Bacharelato.

O número de alumnos/as do colexio ascende a 1053 aproximadamente, repartidos de maneira bastante homoxénea entre as unidades existentes. Os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo que hai no centro, están integrados nos diferentes niveis. Algúns dos alumnos con necesidades educativas especiais están escolarizados a tempo parcial na aula de Ed. Especial (modalidade combinada).

5. Principios de actuación.

Os principios de actuación, que se recollen na orde do 8 de setembro de 2021, que contribúen a facer realidade os principios xerais establecidos no artigo 4 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, son os que seguen:

1. Por parte dos **equipos directivos** dos centros docentes:

- a) A **consideración** da atención á diversidade en toda a estrutura organizativa e curricular do centro, asegurando o seu tratamento **no proxecto educativo e nos plans, proxectos ou programas** que o conforman. Igualmente, garantírase a promoción dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa desa diversidade.
- b) A **distribución e a organización equitativa dos recursos**, adaptando a estrutura organizativa do centro docente aos principios de flexibilidade e de atención ás necesidades individuais do alumnado.
- c) A **información** precisa a toda a **comunidade educativa** dos proxectos, plans, programas, medidas, recursos e servizos con que conte o centro docente.
- d) A promoción da convivencia, a coordinación, a participación e o traballo en equipo, así como da **formación e innovación do profesorado** en estratexias de atención á diversidade e na mellora continua da calidade educativa, do éxito escolar do alumnado e do seu desenvolvemento profesional.
- e) A realización do **seguimento e da avaliación dos proxectos, plans e programas**, así como, de ser o caso, **das propostas de mellora** que correspondan.

2. Por parte do **profesorado titor**:

- a) A organización da **avaliación inicial do alumnado** e a participación nas propostas que realice a xefatura do departamento de orientación en relación coas medidas e cos recursos necesarios para atender a diversidade do alumnado da súa tutoría.
- b) A **coordinación dos procesos de ensino e de aprendizaxe** do alumnado da súa tutoría e a promoción da súa participación nas actividades da aula e do centro docente.
- c) O **intercambio**, tanto co resto do equipo docente como coas nais, cos pais ou coas persoas titoras legais, **de toda a información** que afecte os procesos de ensino e de aprendizaxe.
- d) A **solicitude da intervención** da xefatura do departamento de orientación no caso de alumnado en que se detecten dificultades de aprendizaxe ou situacións que requiran unha valoración especializada, colaborando no proceso de avaliación psicopedagóxica e na aplicación das medidas que se propoñan e dos informes que se requiran.

3. Por parte do **profesorado de área**, materia, ámbito ou módulo:

- a) A colaboración co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e no **desenvolvemento de actuacións** destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.
- b) A **utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo**, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, e informar o profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.
- c) A consideración dos principios do **Deseño Universal de Aprendizaxe** na atención educativa.
- d) A participación nas estratexias de **coordinación entre o equipo docente**, baixo a dirección do profesorado titor.

4. Por parte dos **servizos de orientación educativa e profesional**:

- a) O **asesoramento** a toda a comunidade educativa **sobre as medidas de atención á diversidade**, en xeral, e sobre as destinadas ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en particular.
- b) A **atención das demandas de intervención**, mantendo o rigor e a discrecionalidade debidos.
- c) A **información** a todas as persoas afectadas **dos resultados das súas intervencións**, así como das accións que, de ser o caso, figuren no informe psicopedagóxico.
- d) A **promoción da participación das familias no proceso de avaliación psicopedagóxica**.
- e) A **coordinación coas persoas profesionais que participen na atención ao alumnado**.

6. **Obxectivos.**

- a) Servir de instrumento que facilite a **planificación e organización dos apoios** e a **priorización dos recursos persoais** de que se dispón. (Organización)
- b) **Avaliar as dificultades** detectadas polos equipos docentes. (Avaliación de dificultades)
- c) Realizar o **seguimento** das medidas de atención a diversidade levadas a cabo nos alumnos que presentan dificultades. (Seguimento)

- d) **Deseñar accións preventivas** e de detección temperá de dificultades. (Programas/talleres)
- e) **Dar resposta as N.E.A.E e as N.E.E.** (Intervención dos membros do Departamento de Orientación)
- f) **Asesorar** aos distintos estamentos do centro: Equipo Directivo, titores, equipos docentes e familias. (Asesoramento)
- g) **Establecer canais de colaboración** entre diversos profesores que interveñen co alumnado de N.E.A.E e N.E.E. (Colaboración)
- h) Fomentar a coordinación coas institucións ou organismos externos ao centro. (Coordinación)

7. Criterios e procedementos para a detección, valoración e intervención das medidas específicas de apoio educativo do alumnado do noso centro.

6.1 Detección. A detección realizaras mediante as seguintes actuacións:

A. Observación do titor/a e dos equipos docentes.

O equipo docente, ao longo de todo o curso, atende a todo o alumnado, tanto na aula (ao impartir a materia correspondente) como na vixilancia dos recreos.

Se algún membro do equipo docente percibe algunha necesidade específica tanto nas áreas curriculares como a nivel persoal, familiar ou de adaptación, notificarallo ao/á titor/a. O/A titor/a, cando o considere axeitado, comunicarllo ao orientador/a da etapa correspondente a través do rexistro de derivación. **(Folla de derivación)**. Quedarán exentos de derivación os/as alumnos/as que posúan Adaptación Curricular de cursos anteriores, os alumnos que non foron dados de alta nos Reforzos Pedagóxicos no curso anterior, o alumnado susceptible de participar nun taller do DOE e o alumnado de 2º BACH que será entrevistado polo orientador para asesoramento de cara a perfís profesionais. En caso de que sexa necesaria a intervención do orientador por outro motivo, seguirase o proceso ordinario de derivación ao DOE. A folla de derivación será enviada polo/a titor/a en PDF a través da plataforma Educamos a/o orientador/a de etapa. Unha vez atendida a derivación, emitirase un informe de avaliación inicial **(Avaliación inicial)** coas conclusións da valoración e a proposta de actuación.

Se as dificultades polas que os/as alumnos/as son derivados/as ao DOE así o requiren, pediráselle ao/á titor/a que realice unha observación. A observación realízase de xeito natural a través da propia interacción que o equipo docente e os/as

titores/as, teñen co alumnado tanto na aula como nos distintos espazos que comparten cos mesmos.

Principalmente nos casos que presenten dificultades de conduta, recollerase a información nun cadro (**Cadro de conduta**).

Para calquera etapa ou nivel educativo, no caso de que sexa necesario levar un rexistro periódico de aspectos específicos directamente observables, facilitarase ao/á titor/a un cadro máis específico, que permita realizar un rexistro o máis obxectivo posible (**Rexistro de observación**).

B. Entrevista co alumnado novo. (**Entrevistas co alumnado novo**). Realizaranse ao longo do curso ou cando se incorpore o/a alumno/a ao centro, coa finalidade de dar unha mellor resposta educativa ao alumnado novo que se incorporan ao noso centro e detectar posibles dificultades. Realizarase unha revisión dos expedientes e, no caso de ser necesario, poñerémonos en contacto co DOE do centro de procedencia para recoller máis información ou cos especialistas externos que poidan estar atendendo o caso.

C. Recollida de información.

- a. **Familia.** Existen dúas formas de recollida de información no ámbito familiar: a entrevista (**rexistro de entrevista**) e o cuestionario de recollida de información familiar para a elaboración do informe psicopedagóxico (**cuestionario informe psicopedagóxico**). Ambos rexistros proporcionan a información dos proxenitores para o proceso de valoración e estudo das necesidades educativas que poida presentar o alumnado derivado ao DOE.
- b. **Especialistas externos.** Tamén estableceremos canais de comunicación interdireccional cos distintos especialistas externos que atendan ao alumnado para realizar unha atención o máis coordinada posible, previo consentimento das familias (**cesión de datos PRODAT**). A comunicación cos especialistas externos realizarase, sempre que sexa posible, en presenza das familias, da Orientadora de etapa e, se se considera necesario, coas especialistas PT ou AL. Tamén poderase intercambiar información a través do correo electrónico con copia ás familias. Por último, e excepcionalmente, poderase manter comunicación vía telefónica sempre e cando, despois da chamada, remítase un correo electrónico a modo de resumo tanto aos especialistas como á familia.
- c. **Outras fontes.** Para dar unha resposta educativa o máis axeitada posible as necesidades de cada alumno/a , así como para traballar dende a prevención, terase en conta toda a información da que dispoñamos, analizando as distintas fontes das que poidamos obter información. Revisarase o expediente do/a alumno/a, XADE e EDUCAMOS.

6.2 Valoración. A valoración das necesidades realizase mediante as seguintes actuacións:

A. Probas estandarizadas.

As probas estandarizadas aplícanse coa **finalidade de poder garantir** que os alumnos do noso centro, ao rematar a escolaridade, teñan **as valoracións suficientes**, tanto **para a detección de dificultades** que poidan interferir no ritmo de aprendizaxe, como **para poder orientalos axeitadamente nos seus itinerarios formativos**.

Tendo en conta a finalidade descrita elaborouse dende o DOE un programa onde se especifican o procedemento a seguir e que sintetizamos nos seguintes puntos:

- Utilizarase, dando continuidade ao curso anterior, a **plataforma Habilmaind**.
- A **selección de probas** aplicadas recaerá sobre os orientadores de cada etapa podendo ser modificado cando as circunstancias así o xustifiquen.
- As probas realizaranse, previsiblemente, no mes de **decembro**, despois da semana de avaliación do primeiro trimestre.
- O procedemento para aplicación das **probas grupais** será:
 - **Reunión coas familias**, ao redor do mes de novembro, para informar da metodoloxía e a finalidade do test. Ademais, aproveitarase esta reunión para solicitar a **autorización** para a realización das probas nos cursos que non teñan asinada a autorización na matriculación.
 - Envío, por **educamos**, da información máis relevante tratada na reunión presencial, onde se incluírá a autorización para a súa firma. Así tamén informaremos aos pais que non puideran asistir a reunión presencial.
 - **Aplicación** das probas por parte dos orientadores do centro. Realizarase un calendario de aplicación e intentarase, na medida do posible, interferir o menos posible nos apoio das especialistas.
 - **Análise** por parte dos orientadores dos datos obtidos a nivel grupal.
 - Traslado dos resultados a CCP e aos equipos docentes na xuntanza da avaliación.
 - Solicitud de **titoría coas familias** dos alumnos que obtiveron resultados que teñan que ser tratados de maneira individual coas familias (dificultades, resultados destacables, etc...) ou de aquelas que o soliciten.
- As **probas individuais** aplicaranse Unha vez detectada unha dificultade por parte do titor e remitida a folla de derivación aos orientadores de cada etapa, serán eles os encargados de seleccionar as probas necesarias para a valoración do alumnado, podendo utilizar as probas da plataforma ou outras probas estandarizadas do Departamento de Orientación.

B. Avaliación iniciais ou de competencia.

Segundo o art. 12 da Orde do 2 de setembro de 2021 a avaliación inicial constitúe un factor preventivo na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con N.E.A.E. A avaliación inicial ten como finalidade principal adaptar as ensinanzas e facilitar a progresión do alumnado na súa aprendizaxe.

Cómpre realizar a avaliación inicial de todo o alumnado que se incorpore ás ensinanzas de 2º ciclo de EI e en cada etapa do ensino obrigatorio. Será realizada polo equipo docente baixo a colaboración do profesorado tutor. Recollerá información achegada polos proxenitores do alumnado e incluírá, de ser o caso, a información procedente do curso ou etapa anterior (anamnese).

Os resultados da avaliación inicial obtidos teranse en conta para adoptar as decisións educativas que correspondan e, de ser o caso, para demandar a realización de unha avaliación psicopedagóxica.

O DOE asesorará durante o proceso de avaliación inicial, así como sobre os materiais ou instrumentos necesario para a recompilación de información.

O profesorado tutor, en colaboración co DOE, informará as familias sobre os procedementos levados a cabo na avaliación inicial, así como, de ser o caso, de identificación das necesidades educativas. Proporcionaráselle, ás familias, información sobre os resultados de esa avaliación e sobre a aplicación de medidas de atención á diversidade que se consideren necesarias. Toda esta información recollerase no correspondente rexistro de tutoría.

Cando a avaliación inicial sexa realizada polo DOE, previa derivación ao mesmo, enviarase ao tutor en PDF o informe correspondente, pois é a proba de que se lle comunicaron as medidas que se aconsellan levar a cabo. Estas medidas teñen que ser notificadas á familia e recollidas no rexistro de tutoría correspondente ([Avaliación inicial](#)).

O/a tutor/a informará ao orientador/a correspondente, de xeito obrigatorio, da celebración da tutoría. Así mesmo, colgará na ficha do/a alumno/a de educamos unha copia da acta de dita xuntanza. Os orientadores de etapa, serán os responsables de revisar dito documento e de velar porque se lle proporcione a información remitida polo DOE ás familias.

No caso de que o DOE participe na tutoría, terá o seu propio rexistro de entrevista ([rexistro de entrevista](#)).

A información contida no informe de Avaliación Inicial emitido polo DOE é de carácter interno, polo que nin as familias nin os especialistas externos, poderán recibir copia do mesmo. A única información, relativa a este informe, que se lle proporcione ás familias corresponderá ao apartado de conclusións e serán recollidas no apartado do DOE existente no rexistro de tutoría dos/das tutores/as. Se a familia quere un informe do departamento de orientación, poderá solicitar, na secretaría do centro, a elaboración do informe psicopedagóxico e unha copia do mesmo ([ver: Protocolo de demanda de](#)

avaliación psicopedagógica e modelo de informe psicopedagógico). Como novidade no presente curso, modificaranse os cuestionarios de recollida de información de familia e titor para adaptalos ao novo modelo de informe psicopedagógico.

6.3 Intervención. Para traballar as dificultades detectadas utilízanse:

A.Reforzo Pedagógico (Ver: Programación AL y PT).

Cando un/unha alumno/a, despois da avaliación pertinente, teña que acudir á aula das especialistas do Departamento a traballar os aspectos nos que presentou dificultades, intentarase na medida do posible, que alumnado non perda as horas das materias instrumentais básicas. Os agrupamentos realizaranse prioritariamente por dificultades.

A metodoloxía de traballo aglutinará actividades diversas, e na medida dos recursos dispoñibles, darase prioridade a utilización de máis actividades interactivas e a utilización de metodoloxías activas.

Ademais, entregarase, para facer un seguimento da intervención, un informe **(informe trimestral/final de apoio)**. O informe trimestral de apoio entregarase, vía educamos, ao finalizar a primeira e segunda avaliación. Naqueles casos nos que se superen as dificultades e se acaden os obxectivos propostos entregarase directamente o informe final de apoio. No mes de xuño, coincidindo co final de curso, entregarase o informe final de apoio a todo o alumnado que estea sendo atendido nese momento e subirase á ficha do alumno en Educamos. Os titores recibirán o informe de seguimento trimestral previamente a xuntanza de avaliación. As especialistas do DOE, remitirán un educamos, sempre que sexa posible, de maneira semanal, aos proxenitores do alumnado de reforzo pedagógico, coa finalidade de informalos dos aspectos traballados en cada unha das sesións. Aos alumnos da aula de EE o educamos enviarase a titora da aula de EE para que o inclúa no informe semanal de todas as materias. En caso de titoría coa familia, as especialistas proporcionarán información aos titores sobre o proceso de ensinanza aprendizaxe, da aula de apoio, e sobre a evolución do alumno na mesma, sempre que sexa requirido previamente. Recordaranse aos equipos docentes, na xuntanza de inicio de curso, que soliciten información do alumnado atendido polo DOE previa as titorías coas familias.

As especialistas PT e AL iniciarán as clases no mes de setembro cun horario provisional, despois de realizar o apoio no período de adaptación na etapa de educación infantil, comezando co horario do curso anterior. Por outro lado, os alumnos que non foran dados de alta no curso pasado, non necesitarán ser derivados, de novo, polo titores.

B.Adaptación Curricular (AC).

Segundo se recolle no Decreto 229/2011, xunto coa Orde do 8 de setembro de 2021, as adaptacións curricular son medidas extraordinarias de atención a diversidade que afecta

aos elementos prescritivos do currículo. Van dirixidas ao alumnado con N.E.E. e, de maneira excepcional, ao restante alumnado con N.E.A.E. Para a adopción desta medida, compre aplicar medidas previas de atención á diversidade e deberá decidirse nunha xuntanza da que debe quedar constancia por escrito. A necesidade de aplicación desta medida, deberá estar recollida no informe psicopedagóxico emitido, logo da valoración psicopedagóxica pertinente. Neste informe debe constar o nivel de competencia curricular do alumno, proporcionado polo profesor das áreas susceptible de adaptación. Ese nivel de competencia será o punto de partida para o axuste do currículo. As familias dos alumnos susceptibles de ter esta medida, serán informadas quedando constancia por escrito.

Toda a información sobre a AC quedará recollida no expediente de AC ([ver modelo de expediente de AC](#)).

Ao inicio de curso, os/as profesores/as das distintas materias elaboraran o documento de Adaptación Curricular en Proens, co asesoramento do Departamento de Orientación, e as impartirán dentro da aula ordinaria. Así mesmo, tal e como se reflicte na lexislación vixente, o profesorado de materia será o responsable do desenvolvemento e da avaliación da AC.

Trimestralmente, os orientadores de cada etapa, solicitarán aos profesores con materias adaptadas que cubran os seguimentos correspondentes co tempo suficiente para entregalos coas notas.

O DOE asesorará ao profesorado no proceso de elaboración das AC.

A documentación relativa as AC deberá ser tramitada antes da finalización do mes de novembro.

A duración das AC poderán ser dun ciclo ou dun curso, en función da etapa educativa en que estea escolarizado.

A familia ten dereito a que se lle facilite unha copia da AC autorizada.

C. Programas e talleres específicos.

Os talleres levaranse a cabo seguindo as especificacións que se reflicten en cada unha das súas programacións.. Os talleres son os seguintes:

- a. Taller de Expresión Oral ([ver Taller de Expresión Oral](#)). Dirixido aos alumnado de 5º e 6º de Ed. Infantil. Este taller modificouse para que poida ser aplicado polas titoras na aula ordinaria e facilitarase coma banco de recursos para tal fin.
- b. Programa de Alumnado Axudante ([ver Programa de Alumnado Ayudante](#)). Dirixido ao alumnado de ESO e 1ºBACH para mellorar a convivencia e mediar en posíbeis conflitos.
- c. Taller de Técnicas de Estudo para EP ([ver Taller de Técnicas de Estudio para EP](#)). Destinado ao alumnado de EP. Desenrolarase no marco do PAT.

- d. Programa de Técnicas de Estudo para a ESO ([ver Programa de Técnicas de Estudo para a ESO](#)). Destinado ao alumnado da ESO que amose dificultades no proceso de ensino-aprendizaxe e/ou amose un rendemento académico menor ao desexado.
- e. Programa para o Alumnado con Altas Capacidades ([ver Programa para o Alumnado con Altas Capacidades](#)). Destinado principalmente ao alumnado con altas capacidades que amose interese na participación no presente Programa.
- f. Programa de Habilidades Sociais ([ver Programa de Habilidades Sociais](#)). Destinado principalmente ao alumnado que amose condutas de tipo disruptivo, sen prexuízo do alumnado que teña dificultades para relacionarse cos demais e que isto supoña unha diminución do seu rendemento académico.
- g. Programa de Disciplina Positiva ([ver Programa de Disciplina Positiva](#)). Dirixido ao alumnado de EI-EP para mellorar a súas competencias socioemocionais.
- h. Programa de ENAPAS, Escola de Familias ([ver Programa de ENAPAS, Escuela de Familias](#)). Dirixido as familias do Colexio para proporcionar información e formación sobre temas relevantes na educación dos seus fillos/as.
- i. Programa Test ([ver Programa Test](#)). Dirixido ao alumnado de 3ºEP, 5ºEP, 1ºESO e 3ºESO para detectar posíbeis dificultades e mellorar a súa orientación académico-profesional.

D. Reforzo Educativo EP.

É unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta á secuenciación de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído no ámbito da metodoloxía.

As medidas reforzo educativo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. Ao final de curso, o profesorado elaborará un informe individual do reforzos educativos levados a cabo seguindo o modelo deseñado polo DOE ([Ver informe individual final de curso sobre as medidas de RE](#))

Neste curso, igual que no anterior, os dous tipos de RE na etapa de EP consistirán en: profesorado liberado para desenvolver reforzos fóra da aula dentro do horario lectivo dos alumnos e nos cursos de 5º e 6º, nas materias instrumentais (matemáticas e lingua castelá), entrará un mestre de apoio con dispoñibilidade horaria para atender aos alumnos que así o precisen. Ambos reforzos están organizados e supervisados pola dirección da etapa.

8. Clasificación do alumnado susceptible de medidas de atención a diversidade.

Todos/as os/as alumnos/as do centro. Calquera alumno/a, ao longo da súa escolaridade, pode ter a necesidade de motivación ou incluso de aprender técnicas de estudo para o mellor

aproveitamento das súas capacidades. Ademais, pode precisar asesoramento persoal ou de itinerarios formativos ou laborais, tanto dende a titoría como dende o Departamento de Orientación.

Alumnado con NEAE. Enténdese por alumnado que presenta Necesidades Específicas de Apoio Educativo aquel que requira unha atención diferente á ordinaria, por presentar N.E.E., por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastorno de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Alumnado con NEE . Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais o que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

9. Descrición das medidas ordinarias e específicas de atención educativa para dar resposta as N.E.E. do alumnado, así como os procedementos previstos para a súa implementación e desenvolvemento.

No marco do *DECRETO 229/2011 enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada as necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e están ampliadas na Orde do 8 de setembro de 2021 e reflectimos a continuación:*

- ii. Medidas ordinarias de atención á diversidade. Considéranse medidas ordinarias todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, o contexto sociocultural dos centros educativos e as características do alumno. Estas medidas teñen a finalidade de dar resposta ás diferenzas no relativo á competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe. Están destinados a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.
 - i. **Adecuación da estrutura organizativa dos centros** (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e **xestión da aula** ás características do alumnado.
Para a organización dos centros deberán establecerse criterios para:
 - a) A elaboración dos horarios do alumnado.
 - b) A asignación de titorías.
 - c) O agrupamento do alumnado.

d) A distribución das aulas, das unidades e/ou dos espazos.

Para a xestión da aula procurarase a participación de todo o alumnado, o acceso aos recursos, a flexibilidade nos agrupamentos e todo o que favoreza a interacción, a convivencia e a aprendizaxe compartida.

ii. **Adecuación das programacións didácticas** ao centro e ao alumnado.

iii. **Metodoloxías** baseadas no traballo cooperativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

Na planificación docente, no marco dos principios do deseño universal de aprendizaxe (DUA), poderán utilizarse distintas estratexias de traballo colaborativo, tales como os grupos heteroxéneos, a aprendizaxe por proxectos, a aprendizaxe servizo e a tutoría entre iguais, entre outras. En todo caso, o profesorado empregará as alternativas metodolóxicas que mellor se adapten á construción que cada alumna e cada alumno deben facer da súa propia aprendizaxe, segundo as áreas, as materias, os ámbitos e/ou os módulos, os espazos e os tempos.

iv. **Adaptación dos tempos e instrumentos** ao procedemento de **avaliación**.

Esta adaptación terá unha consideración especial no caso do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Na adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación poderanse considerar a forma de comunicación que o alumnado necesite, a secuenciación das tarefas, a verificación da comprensión das tarefas, a dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos e a concesión do tempo necesario.

v. **Aulas de atención educativa e de convivencia** e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.

As aulas de atención educativa e convivencia son aquelas nas cales se atende, temporalmente, o alumnado que, pola súa conduta inadecuada, impida o normal desenvolvemento do traballo dunha sesión lectiva do seu grupo-clase.

Non se enviará ningunha alumna nin ningún alumno a unha aula de atención educativa e convivencia sen tarefas para realizar durante a súa permanencia nela, que non excederá o tempo que dure a sesión lectiva en que se prodúcese a conduta inadecuada. Correspóndelle ao profesorado que remita alumnado a esa aula proporcionar as tarefas que cada alumna ou cada alumno deban realizar, así como corrixilas e avalialas.

O alumnado derivado á aula de atención educativa e convivencia deberá desenvolver o programa de habilidades e competencias sociais. [\(ver: Programa de HHSS regulado no art. 53 da Orde do 8 de setembro de 2021\).](#)

As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado remitido a esta aula serán informadas, segundo o procedemento establecido no centro, en desenvolvemento da súa autonomía, cada vez que asistan á referida aula, e indicaráselles o motivo desa remisión.

A xefatura do Departamento de Orientación levará un rexistro do alumnado derivado, o profesorado que o deriva e os motivos.

- vi. **Desdoblamento** dos grupos. Para a adquisición da lingua inglesa realízanse desdobramentos para facilitar a conversación co mestre nativo.

- vii. **Reforzo Educativo**, segundo se especifica na lexislación vixente, o reforzo educativo é unha medida de atención á diversidade que afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe.

Debe elaboralas a profesora ou o profesor que impartan a área, a materia, o ámbito ou o módulo en que a alumna ou o alumno necesiten esa medida, co coñecemento do profesorado titor, e este deberá informar a xefatura de estudos e a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado.

Levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo. En determinados casos, o reforzo educativo do profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo pode contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.

Reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo, segundo o modelo deseñado polo departamento de orientación do centro docente.

- viii. Programas de **enriquecemento curricular** destinados ao alumnado con diagnóstico de altas capacidades.

A finalidade destes programas é promover e desenvolver os distintos talentos, dando resposta ás inxedanzas, ás potencialidades e ao interese por aprender que manifeste o dito alumnado, e manter o seu nivel de motivación.

As persoas especialistas en altas capacidades intelectuais dos equipos de orientación específicos, darán a coñecer aos departamentos de orientación pautas sobre programas de enriquecemento curricular para o alumnado con altas capacidades intelectuais.

Os programas de enriquecemento curricular deberán desenvolverse na aula ordinaria e terán como referente o currículo do curso en que estea escolarizado o alumnado con altas capacidades intelectuais. É competencia e responsabilidade do profesorado da área, da materia, do ámbito ou do módulo a oferta de actividades e a organización da aula para que a diversidade do alumnado se beneficie desa medida.

A participación nun programa de enriquecemento curricular reflectirase nos documentos oficiais de avaliación do alumnado

- ix. **Plan Específico de Reforzo** para o alumnado de educación **primaria** que permaneza un ano máis no mesmo curso. [\(Ver plan específico\)](#)

Cando unha alumna ou un alumno de EP permaneza un ano máis no mesmo curso, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

- x. **Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar.** [\(Ver plan de reforzo\)](#)

O alumnado de ESO que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

- xi. **Plan específico personalizado para o alumnado de ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso.** Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permaneza un ano máis no mesmo curso debe seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso. [\(Ver plan específico\)](#)

Nota: [Ver protocolo Planes específicos e de reforzo](#), elaborados polo DOE para o asesoramento dos equipos docentes.

- b. Medidas extraordinarias de atención á diversidade. Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, no seu caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as medidas de carácter ordinario ou por resultar estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias, será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, no seu caso, informe xustificado do correspondente servizo de Orientación.

- i. **Adaptacións curriculares**, é dicir, que supoñen unha modificación esencial de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, así como da temporalización e doutros aspectos organizativos.

Son medidas extraordinarias de atención á diversidade que afectan os elementos prescritivos do currículo; van dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais e, excepcionalmente, ao restante alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Para a adopción desta medida cumprirá que no informe psicopedagógico resultante da avaliación psicopedagóxica se entenda como a máis idónea para atender as necesidades educativas dunha alumna ou dun alumno e despois da aplicación doutras medidas de atención á diversidade.

As adaptacións do currículo realizaranse na educación primaria e na educación secundaria obrigatoria.

Para a súa elaboración partírase do currículo de referencia, entendido este como o do ciclo ou nivel en que a alumna ou o alumno estean matriculados, para chegar ao currículo adaptado, entendido como o que conforma a adaptación curricular que se vai desenvolver ao longo do ciclo ou curso.

Cando unha alumna ou un alumno precisen adaptación do currículo, a familia será informada desta medida de atención á diversidade, do cal quedará constancia por escrito.

O procedemento para a elaboración dunha adaptación curricular é o seguinte:

1. Realización da avaliación psicopedagóxica e posterior elaboración do informe psicopedagógico. (DOE).
2. Convocatoria e coordinación, dunha reunión á cal deben asistir o equipo docente da alumna ou do alumno e a xefatura do departamento de orientación. Nesta reunión analizaranse os resultados da avaliación psicopedagóxica e decidírase a pertinencia ou non de realizar a adaptación do currículo e as áreas ou as materias para adaptar.
3. Elaboración da proposta de adaptación de cada área ou materia por parte do profesorado que a imparte e no modelo que proporcionará o DOE.
4. Elaborar el expediente de AC (DOE).
5. A dirección do centro docente enviará o expediente da adaptación curricular ao servizo territorial de Inspección Educativa. A solicitude da dirección do centro docente farase antes da finalización do mes de novembro, agás no caso das adaptacións curriculares que forman parte dos expedientes de flexibilización da duración do período de escolarización.

6. Formarán parte do expediente da alumna ou do alumno unha copia da adaptación curricular e a súa autorización polo servizo territorial de Inspección Educativa.
7. O desenvolvemento das adaptacións curriculares realizarase, na medida do posible, no contexto da aula ordinaria da alumna ou do alumno, coordinado polo profesorado titor, quen convocará as reunións de seguimento que se consideren necesarias ou, cando menos, as que figuren no expediente da adaptación curricular.
8. A avaliación do alumnado nas áreas ou materias adaptadas realizaraa o profesorado que as imparte, coas achegas do profesorado de apoio, de ser o caso, e conforme os criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular.
9. Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na dita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ou titulación.
10. A información das avaliacións que se facilite ás familias incluírá as cualificacións obtidas nas áreas ou nas materias adaptadas, segundo os criterios de avaliación incluídos nas correspondentes adaptacións curriculares. Nesta información incluírase tamén unha valoración cualitativa do progreso da alumna ou do alumno.
11. A duración das adaptacións do currículo poderá ser dun ciclo ou dun curso, en función da etapa educativa en que estea escolarizado o alumno ou a alumna.
12. As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado teñen dereito a que se lles facilite, por parte do centro docente e logo da súa solicitude, unha copia da adaptación curricular autorizada.

- ii. **Agrupamentos flexibles.**
- iii. **Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe (ver programación PT e AL).**
- iv. **Flexibilización da duración do período de escolarización.**
Enténdese por flexibilización da duración do período de escolarización a redución ou a ampliación da permanencia nunha determinada etapa, por tratarse, respectivamente, de alumnado con altas capacidades intelectuais ou de alumnado con necesidades educativas especiais.
- v. **Programas de diversificación curricular.**
- vi. **Programa de cualificación profesional inicial.** A nova lexislación ao respecto denomínase Formación Profesional Básica. Cando, tanto os equipos docentes, como o Departamento de Orientación o consideren oportuno aconsellaráselle ao alumnado que realice unha Formación Profesional Básica, facilitándolle toda a documentación necesaria para a súa matriculación.
- vii. Atención educativa ao alumnado que, por circunstancia diversas, presenta **dificultades para unha asistencia continuada** ao centro educativo.

Para o alumnado que non poida asistir con regularidade por un período prolongado ao centro docente en que estea escolarizado, por prescrición médica, doenza, vulnerabilidade propia ou conviventes vulnerables como consecuencia dunha emerxencia sanitaria, por lesión ou por permanecer ingresado nun centro hospitalario a tempo completo ou en hospitalización de día, establécense, para lle dar continuidade ao seu proceso formativo, as medidas específicas reguladas no artigo 62 da orde do 8 de setembro de 2021.

- 1) Atención educativa domiciliaria. Punto 2
- 2) Atención educativa hospitalaria. Punto 3
- 3) Atención educativa virtual. Punto 4

- viii. Atención educativa ao alumnado menor sometido a *medidas de responsabilidade penal*.
- ix. Atención educativa ao alumnado sometido a **medidas de protección e tutela**.
- x. Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de **violencia de xénero e/ou acoso escolar**.
- xi. Atención educativa ao alumnado pertencente a **familias itinerantes**.
- xii. Atención educativa ao **alumnado procedente do estranxeiro**.
- xiii. **Grupos de adquisición das linguas.**

Os grupos de adquisición de linguas son agrupamentos de alumnado de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e, excepcionalmente, do derradeiro curso de educación infantil que, procedendo do estranxeiro, descoñeza as dúas linguas oficiais de Galicia. Estes grupos teñen por finalidade o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite, canto antes, a súa incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso en que estea escolarizado.

O tempo máximo será dun trimestre e o servizo territorial de Inspección Educativa poderá, logo da solicitude do centro docente, autorizar a ampliación excepcional dese período.

O horario semanal máximo de pertenza a un grupo de adquisición de linguas será de **cinco** períodos lectivos semanais no derradeiro curso da educación infantil; **dez**, no primeiro ciclo da educación primaria; **vinte**, no segundo e no terceiro ciclos da educación primaria; e **vinte e catro**, na educación secundaria obrigatoria. Estes períodos lectivos semanais deberanse reducir progresivamente a medida que o alumnado vaia progresando no dominio da lingua vehicular da aprendizaxe.

Para constituír un grupo de adquisición de linguas será necesaria a solicitude da dirección do centro docente ao servizo territorial de Inspección Educativa correspondente.

- xiv. **Grupos de adaptación da competencia curricular.**

Os grupos de adaptación da competencia curricular son agrupamentos de alumnado do segundo e terceiro ciclos de educación primaria e/ou de educación secundaria obrigatoria que, procedendo do estranxeiro e non contando con adaptación curricular, presente un desfasamento curricular de dous ou máis cursos con respecto ao que lle correspondería polo grupo en que estea escolarizado nas áreas ou materias instrumentais de Lingua Galega e Literatura, de Lingua Castelá e Literatura, e de Matemáticas. A súa finalidade é contribuír, o máis rapidamente posible, a unha competencia curricular que lle permita a plena incorporación ás actividades de aprendizaxe propostas ao grupo en que estea escolarizado.

Decidirase a conformación dun grupo de adaptación da competencia curricular cando, a partir da avaliación inicial, realizada no momento da incorporación do alumnado ao sistema educativo galego e que pode complementarse coa avaliación psicopedagóxica, se verifique o desfasamento curricular indicado no punto anterior e se considere a medida máis adecuada para a inclusión dese alumnado e para o seu desenvolvemento curricular.

A permanencia do alumnado nestes grupos, que se poderá estender ao longo de todo o curso escolar, levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar semanal, coincidindo coas áreas ou materias de carácter instrumental. Esta permanencia non poderá exceder os oito períodos lectivos semanais no segundo e no terceiro ciclos de educación primaria, e dez, na educación secundaria obrigatoria, nin abranguer a totalidade do horario semanal de cada unha das áreas ou das materias con que coincide.

- xv. Atención educativa a **mozas embarazadas**.

10. Organización dos recursos humanos e materiais así como, dos espazos do centro, para atender ás necesidades específicas de apoio educativo.

a) Recursos humanos.

Para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas oportunas, todo o profesorado do centro estará implicado na atención das N.E.A.E:

- Titores/as.
- Profesorado especialista das distintas materias.
- Profesorado de apoio: unha especialista en Pedagogía Terapéutica (PT) e dúas en Audición e Linguaxe (AL), unha das cales coordina a aula de educación especial.
- En Educación Primaria e Secundaria contamos con profesorado con dispoñibilidade horaria para impartir reforzos educativos.
- Orientadora de Infantil y primaria (Xefatura do Departamento).
- Orientador secundaria e bacharelato.
- Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Equipo de Orientación Específico (EOE), como apoio e asesoramento ao centro e a valoración das necesidades educativas especiais do alumnado.

- Familias.

Para dar a mellor resposta as necesidades educativas que presenta o noso alumnado, os orientadores de cada etapa acoden a todas as xuntas de avaliación coa intención de recompilar toda a información necesaria. Tamén acudirán as especialistas PT e AL as xuntanzas dos alumnos que presenten maiores dificultades. Ademais, as especialistas do DOE reúnense dúas horas a semana coa Xefatura do Departamento de Orientación para falar de todos os casos que están sendo atendidos e/ou en curso. ([rexistro actas do departamento](#)).

O noso centro non conta con:

- Art. 81. Auxiliar coidador
- Art. 81. Interprete da lingua de signos.

b) Recursos materiais.

Segundo a lexislación vixente, os centros docentes contarán co equipamento material necesario para atender as necesidades educativas da totalidade do alumnado que escolarizan. Entre ese equipamento considérase a accesibilidade ás súas instalacións e/ou dependencias.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade dotará dos servizos materiais complementarios adaptados o alumnado con necesidade específica de apoio educativo que os precise. Esa necesidade deberá acreditarse nos informes e/ou ditames correspondentes, nos termos e polos procedementos dispostos nesta orde.

No noso centro, contamos con material elaborado por especialistas do Departamento de Orientación para o desenvolvemento das Adaptacións Curriculares Individuais dos alumnos da aula de EE e dos Reforzos Pedagóxicos. Ademais de diversos materiais dixitais, facilitados polas editoriais, para ser utilizado cos recursos TICS dos que dispoñemos.

Crearemos unha carpeta en Educamos, accesible a todo o Claustro, que dispoña de material de apoio para que os profesores con alumnos con NEAE e NEE dispoñan de material adaptado as súas necesidades.

c) Distribución horaria e dos espazos.

Espazos dispoñibles:

- Para EI-EP usamos, principalmente, as aulas de PT e AL.
- Para EE utilizamos a aula destinada para tal fin.

Horarios.

Horario Iria Padilla (Coordinadora DOE e Orientadora de EI/EP)

Horas	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
De 09:15 a 10:10	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación
De 10:10 a 11:05	EDE	Orientación	Orientación	CCP	Orientación
De 11:05 a 11:30	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
De 11:30 a 12:30	EDE	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación
De 12:30 a 13:30			Atención a familias		
De 12:30 a 15:00	Comedor	Comedor	Comedor	Comedor	Comedor
De 15:00 a 16:00	Orientación	Orientación	Orientación	Reunión DOE	Orientación
De 16:00 a 17:00	Orientación	Orientación	Orientación	Reunión DOE	Orientación
De 17:00 a 18:00				Reunión	
De 18:00 a 19:00				Reunión	

Horario Vanesa Fernández (Titora aula EE)

Horas	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
De 08:25 a 09:15	EE				
De 09:15 a 10:10	EE	EE	EE	EE	EE
De 10:10 a 11:05	EE	EE	EE	EE	EE
De 11:05 a 11:30	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
De 11:30 a 12:30	EE	EE	EE	EE	EE
De 12:30 a 15:00	Comedor	Comedor	Comedor	Comedor	Comedor
12:40 a 13:30	EE				
13:30 a 14:20	EE				
14:20 a 15:10	EE				
De 15:00 a 16:00		EE	EE	Reunión DOE	
De 16:00 a 17:00	Atención a familias	EE	EE	Reunión DOE	
De 17:00 a 18:00				Reunión	
De 18:00 a 19:00				Reunión	

Horario Mónica Santiso (Especialista PT)

Horas	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
De 08:20 a 09:10	PT	PT	PT	PT	PT
De 09:15 a 10:10	PT	PT	PT	PT	PT

De 10:10 a 11:05	PT	PT	PT	PT	PT
De 11:05 a 11:30	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
De 11:30 a 12:30	PT	PT	PT	PT	PT
De 12:30 a 15:00	Comedor	Comedor	Comedor	Recreo	Comedor
12:40 a 13:30	PT	PT		Atención a familias	
13:30 a 14:20		PT			
De 15:00 a 16:00				Reunión DOE	
De 16:00 a 17:00				Reunión DOE	
De 17:00 a 18:00				Reunión	
De 18:00 a 19:00				Reunión	

Horario Almudena Coteló (AL).

Horas	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
De 08:20 a 09:15	Atención a familias				
De 09:15 a 10:10	AL	AL	AL	AL	AL
De 10:10 a 11:05	AL	AL	AL	AL	AL
De 11:05 a 11:30	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
De 11:30 a 12:30	AL	AL	AL	AL	AL
De 12:30 a 15:00	Comedor	Comedor	Comedor	Comedor	Comedor
De 15:00 a 16:00	AL	AL	AL	Reunión DOE	AL
De 16:00 a 17:00	AL	AL	AL	Reunión DOE	AL
De 17:00 a 18:00				Reunión	
De 18:00 a 19:00				Reunión	

Horario de Román Fernández (Orientador de ESO/BACH).

Horas	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
De 08:25 a 09:20					PSICO2: 2ºA BACH PSICO2: 2ºB BACH
De 09:20 a 10:10	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación
De 10:10 a 10:35	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
De 10:35 a 11:25	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación
De 11:25 a 12:15	Orientación	Orientación	Guardia	Orientación	Orientación
De 12:15 a 13:05	Orientación	PSICO2: 2ºA BACH PSICO2: 2ºB BACH	Recreo	Recreo	Recreo

De 13:05 a 13:30	Recreo	Recreo	Orientación	PSICO2: 2ºA BACH PSICO2: 2ºB BACH	Orientación
De 13:30 a 14:20	Orientación	Orientación	Orientación		
De 14:20 a 15:10	PSICO2: 2ºA BACH PSICO2: 2ºB BACH				
De 15:00 a 16:00				Reunión DOE	
De 16:00 a 17:00				Reunión DOE	
De 17:00 a 18:00				Reunión	
De 18:00 a 19:00				Reunión	

11. Funcións e responsabilidades dos distintos profesionais en relación as medidas deseñadas.

Profesional	Medida	Actuación
Mestre – titor/a	PAT	Posta en práctica, seguimento e avaliación.
	Programación de aula	Elaboración, posta en práctica, seguimento e avaliación.
	Xunta de avaliación do seu grupo.	Presidir e coordinar. Levantar acta.
	Plan de acollida e adaptación.	Concreción e implementación.
Mestre – titor/a	AC – RE	Coordinación elaboración e implementación.
	Avaliación Psicopedagóxica	Solicitude ao DOE, información as familias, colaboración co DOE.
	Apoios Educativos	Colaborar na organización. Atención directa.
Mestre/a de apoio PT AL	AC	Asesoramento.
	Reforzo Pedagóxico.	Colaborar na elaboración, implementación e seguimento.
Mestre/a ordinario	AC Reforzo Educativo	Colaborar na elaboración e implementación.
	Apoios educativos	Colaborar na organización. Implementación directa.
Orientador ESO e BAC	Av. Psicopedagóxica	Elaboración Solicitude do EOE ou doutras institucións/servizos.
	PAT	Elaboración/Asesoramento
	AC- Reforzos	Asesoramento
	Apoios Educativos	Elaboración da proposta de organización xunto coa Dirección.
	Plan de Orientación.	Propostas
	POAP	Elaboración e implementación.
Xefatura do DOE	Av. Psicopedagóxica	Elaboración. Solicitude do EOE ou doutras institucións/servizos.
	PAT	Elaboración/ Asesoramento.

	AC – Reforzos	Asesoramento.
	Apoios Educativos	Elaboración da proposta de organización xunto coa Dirección.
	Plan de Orientación.	Redacción e concreción das actuacións do curso.
	PXAD	Elaboración.
Departamento de Orientación (DOE)	PXAD	Elaboración e implementación anual.
	Plan de Orientación	Elaboración e implementación anual.
	PAT	Seguimento e valoración final.
	POAP	Elaboración e implementación anual.
Comisión de Coordinación Pedagóxica	PXAD	Elaborar directrices do PXAD.
Equipos docentes	PXAD	Nas xuntas de avaliación propoñen as medidas de atención a diversidade mais axeitadas para o alumnado, xunto co DOE. Propoñer alternativas formativas.
Claustro	PXAD	Ser coñecedores/as do PXAD do centro.
Equipo Directivo (EDE)	PXAD	Aprobación.
	Plan de Orientación	
	PAT	
	POAP	

12. Colaboración coas familias e outras instancias externas ao centro.

O noso Departamento promoverá a colaboración entre distintas administracións (EOE), entidades e asociacións. Establecendo protocolos de actuación e favorecendo o intercambio de información.

Ademais, facilitarase o intercambio de información con aqueles especialistas externos que estean a realizar unha intervención co alumnado do noso centro, previa autorización das familias, procurando que estas estean sempre presentes nas reunións entre o centro e os especialistas externos ao centro. En calquera caso, se manterá informados tanto ao/á titor/a coma ás familias, no caso excepcional de que non sexa posible a súa participación directa nas reunións, ou nos que o intercambio de información sexa vía telefónica ou a través do correo electrónico.

O Departamento de Orientación informará ás familias de todas as medidas de atención á diversidade destinadas ao desenvolvemento integral de seu/súa fillo/a. Ademais, proporcionarase información de interese sobre aspectos educativos.

13. Seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención a Diversidade.

O seguimento e a avaliación do Plan xeral de atención á diversidade realizarase, para cada curso académico, sobre a concreción anual do dito plan. Só se modificará o Plan xeral de atención á diversidade no caso de que as propostas de mellora, recollidas na memoria anual do dito plan, así o consideren. Neste caso, esa modificación debe seguir o mesmo procedemento que a elaboración e a aprobación do propio Plan xeral de atención á diversidade.

O seguimento da concreción anual do **Plan xeral de atención á diversidade será realizado trimestralmente polo departamento de orientación** do centro docente. Os informes de seguimento daranse a coñecer ao claustro do profesorado e entregaranse á dirección do centro docente para a súa incorporación ao seguimento que se realice da programación xeral anual.

A avaliación da concreción anual do Plan xeral de atención á diversidade será realizada ao finalizar cada curso escolar polo departamento de orientación do centro docente. O informe desa avaliación darase a coñecer ao claustro de profesorado e entregarse á dirección do centro docente para a súa incorporación á memoria anual do centro.

A avaliación de PXAD realizarase ao finalizar o curso, na memoria final do DOE. Valoraranse o grado de consecución dos obxectivos propostos, a organización dos recursos e se o conxunto das medidas de atención a diversidade programadas deron resposta as NEAE que presentou o alumnado.

Os resultados destas valoracións, así como as propostas de memoria xurdidas especificaranse na memoria final do curso.

14. Protocolos:

- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva
- Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual
- Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA)
- Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario
- Protocolo de Coordinación, Intervención e Derivación Interinstitucional en Atención Temperá.
- Protocolo Educativo para a Prevención e o Control do Absentismo Escolar en Galicia.
- Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar.
- Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.
- Protocolo da protección de datos.
- Protocolo de identidade de xénero.
- Protocolo para intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.
- Guía de violencia de xénero.
- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativa.

LISTADO DE ANEXOS

TIPO DE DOC.	NOME DO DOCUMENTO
REXISTRO	Cadro de conduta.
REXISTRO	Rexistro de observación.
REXISTRO	Folla de derivación.
REXISTRO	Entrevista alumno novo.
REXISTRO	Entrevistas.
REXISTRO	Cesión de datos (PRODAT)
REXISTRO	Avaliación Inicial.
REXISTRO	Informe psicopedagógico.
REXISTRO	Informe Reforzo Pedagógico.
REXISTRO	Documento de AC.
REXISTRO	Conformidade familias.
REXISTRO	Rexistro de actas do Departamento.
REXISTRO	Informe trimestral/ final apoio.
REXISTRO	Plan de reforzo.
REXISTRO	Plan específico.
REXISTRO	Informe final reforzo educativo.
REXISTRO	Acta para AC.

PLAN	Plan de convivencia. (Dirección e grupo de traballo de convivencia)
PLAN	Plan de Reforzo Educativo. (Dirección Infantil e Primaria)
PROGRAMA	Programa de Patios Inclusivos
PROGRAMA	Programa de Técnicas de Estudio (ESO)
PROGRAMA	Programa HHSS (ESO)
PROGRAMA	Programa para alumnado con AACC
PROGRAMA	Programa de Disciplina positiva
PROGRAMA	Programa ENAPAS, Escuela de Familias
PROGRAMA	Programa de Test
PROGRAMA	Programación PT y AL. (PT/AL)
PROGRAMA	Taller de estimulación oral.
PROGRAMA	Programación aula de EE. (Coordinadora aula EE)
PROTOCOLO	Protocolo AC
PROTOCOLO	Avaliación Psicopedagógica.